
Edificio Reitoría
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Asunto: folga 26 de febreiro de 2013

O día 26 de febreiro de 2013, en horario de 13:00 a 17:00 horas está convocada xornada de folga nas universidades galegas. Dita xornada de folga afecta ao persoal que presta servizos nesta Universidade.

De acordo co previsto no Real Decreto Ley 17/1977 de 4 de marzo e tamén nos artigos 30 e 95.2 m) do Estatuto Básico do Empregado Público, na xornada de folga prevista para o día 26 de febreiro deberá facerse un control de asistencia.

A tal fin, os traballadores e traballadoras que presten servizos no día da folga **deberán asinar a folla de asistencia** que estarán á súa disposición **nas conserxerías de facultades, escolas, centros de investigación e demais centros administrativos, ademais das conserxerías dos edificios que acollen os Rexistros Xeral e Auxiliares da universidade entre as 13:30 e as 16:30 horas.** Para asinar a folla de asistencia deberán ir provistos de documento nacional de identidade, pasaporte, carnet de conducir, tarxeta universitaria ou documentación que acredite fidedignamente a súa identidade.

Co obxecto de que todo o persoal estea informado do sistema anterior solicítolle que traslade esta información a todo o persoal do seu ámbito.

O persoal que non asine nas follas de asistencia e do que non foi remitida xustificación da súa ausencia por parte dos seus responsables, entenderase que secundou a folga para os efectos do artigo 30 do EBEP.

Para calquera dúbida ou aclaración poden poñerse en contacto coa secretaría de Xerencia nos teléfonos 813560, 818607 e 813408.